

Acordos da Comisión de Doutoramento da UDC reunida o 17 de setembro de 2012 sobre diferentes aspectos do Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC (REDUDC)

Requisitos de acceso aos estudos de doutoramento

O Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade da Coruña (REDUDC, aprobado en Consello de Goberno de 17 de xullo de 2012) indica nos punto 3 e 6 do Artigo 15 (Acceso) do Capítulo 5 (*Acceso e admisión en estudos de Doutoramento*):

3. Os doutorandos que iniciaran o seu Programa de Doutoramento conforme a anteriores ordenacións universitarias poderán acceder aos ensinos de doutoramento, previa admisión de acordo co establecido neste Regulamento. En todo caso deberán reunir os requisitos establecidos con carácter xeral neste regulamento para acceso a estudos de doutoramento.

6. Tamén poderán acceder os Diplomados, Enxeñeiros Técnicos ou Arquitectos técnicos que acrediten haber superado 300 créditos ECTS no conxunto de estudos universitarios oficiais, dos que, polo menos 60, haberán de ser de nivel de Máster.

Así, en cumprimento do RD 99/2011 e do REDUDC, a convocatoria de admisión e matrícula para alumnos que inicien os seus estudos de doutoramento este curso 2012-2013 na UDC recolle a obrigatoriedade de ter superados 300 créditos no conxunto de estudos universitarios oficiais dos que, polo menos, 60 deberán ser de nivel de máster.

Aos efectos de conversión dos créditos cursados nas titulacións con créditos anteriores aos ETCS, todas as diplomaturas, enxeñarías técnicas e arquitectura técnica equivalen a 180 créditos ETCS.

Requisitos para directores de tese de PD regulados por normativas anteriores ao RD 99/2011.

A Comisión de Doutoramento, reunida en sesión ordinaria o 17 de setembro de 2012, adopta o seguinte acordo respecto aos requisitos para a directores de tese de Programas de Doutoramento regulados por normativas anteriores ao RD 99/2011:

Segundo a Disposición transitoria primeira do Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC (REDUDC, aprobado polo Consello de Goberno de 17 de xullo de 2012), aos doutorandos que na data de entrada en vigor deste regulamento estivesen matriculados en tutela académica de tese de doutoramento nun programa de doutoramento na Universidade da Coruña regulado por ordenacións anteriores, aplicaráselles as disposicións reguladoras do doutoramento e da expedición de título de doutor/a polas que comezaron os seus estudos. [...] En todo caso, non lles será de aplicación o disposto no artigo 10 no relativo aos requisitos que se deben cumprir para ser director/a de tese de doutoramento.

Así, o alumnado que se encontra matriculado nun programa de doutoramento na Universidade da Coruña regulado por ordenacións anteriores poderá renovar a matrícula de doutoramento mantendo a súa dirección de tese, aínda que esta non se axuste aos requisitos para a dirección de tese recollidos no REDUDC vixente, ata a completa extinción do programa (antes do 30 de setembro de 2017).

No caso dos alumnos que se matriculen por primeira vez nun Programa de Doutoramento no curso 2012-2013, os Directores que figuren no proxecto de tese deberán cumprir cos requisitos de dirección de tese contemplados no REDUDC vixente.

No caso de que se solicite un cambio de Director de tese ou agregación dun Codirector para un proxecto de tese aprobado en cursos anteriores ó 2012-2013, este novo Director ou Codirector deberán cumprir cos requisitos de dirección de tese contemplados no REDUDC vixente.

Sobre o Tribunal de avaliación da tese de doutoramento.

O Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade da Coruña (REDUDC, aprobado en Consello de Goberno de 17 de xullo) expresa, de acordo co RD99/2011, que o tribunal estará formado por unha maioría de membros externos á UDC e as institucións colaboradoras no Programa de Doutoramento. É dicir, a suma de membros do tribunal que son profesores da UDC e de membros do tribunal que pertencen a institucións que colaboran no programa non pode exceder de dous. Para axudar na interpretación desta normativa, a Comisión de Doutoramento, reunida en sesión ordinaria o 17 de setembro de 2012, fai a seguinte consideración:

- A efectos de este cómputo, as universidades que co-organizan o programa non se consideran institucións colaboradoras.
- Só son institucións colaboradoras aquelas que están recollidas na memoria do programa.

Por outra parte, a Comisión de Doutoramento entende que, dada a limitación de número de membros do tribunal pertencentes á UDC e institucións colaboradoras, esta mesma limitación debe estenderse as outras institucións. Así, a Comisión de Doutoramento acorda que na composición do tribunal debe respectarse o seguinte requisito:

- En ningún caso poderán formar parte do tribunal mais de dous membros pertencentes á mesma institución.

Por último, para facilitar a xestión dos trámites de avaliación da tese de doutoramento, cabe recordar que, segundo o Artigo 36 (Tribunal de avaliación) do REDUDC:

- O Secretario do tribunal designarase preferentemente entre os membros do tribunal da Universidade. De non ser así, deberá presentarse informe xustificativo e de se lo caso, sinalar a outro profesor da Universidade como responsable da recepción das actas e da súa posterior entrega na unidade administrativa correspondente.